



Álvaro Vaamonde (Botica do Campo, Touro)



Así deixou o xabarín esta finca da gandería Liñeira García SC en Sendelle (Coto do Barro, Boimorto)

Danos a cultivos ocasionados por especies cinexéticas

Nos últimos tempos, os profesionais dos sectores da agricultura e a gandería observan con preocupación como a tendencia cada vez máis proteccionista para o medio ambiente pon en perigo as súas explotacións e, en definitiva, o seu xeito de vida. A seguir, repasamos a lexislación vixente que protexe a este sector en caso dos prexuizos causados por diversas especies animais.

Carolina Cardillo, Patricia Prendes

Directoras do Departamento de Seguros e RC Agrario de JLCasajuana

Non son poucos os agricultores e gandeiros que sofren ataques aos seus cultivos por parte de especies como os xabaríns, coellos, lobos, cervos etc. que, en ocasións, supoñen a práctica devastación da súa

produción anual, cos consecuentes prexuizos económicos difíciles ou imposibles de asumir.

De feito, en moitos casos estes ataques son recorrentes unha vez que se producen, de modo que o agricultor

ou gandeiro pode sufrir múltiples ao longo do ano.

Evidentemente, o éxodo e a diminución de poboación rural, xunto coa aprobación dalgúñas normas novas proteccionistas, supuxeron a ocupación de terreos antes habitados por parte destes animais.

▶ O ÉXODO E A DIMINUCIÓN DE POBOACIÓN RURAL, XUNTO COA APROBACIÓN DALGUNHAS NORMAS NOVAS PROTECCIONISTAS, SUPUXERON A OCUPACIÓN DE TERREOS ANTES HABITADOS POR PARTE DESTES ANIMAIS

Os animais, en certa medida, recuperan terreo fronte ao home, o que se traduce en dificultades graves para o mantemento das explotacións.

A caza foi sempre un importante elemento para controlar as poboacións de animais salvaxes e ten unha incidencia directa na minoraación dos danos á agricultura e a transmisión de infeccións á gandaría doméstica.

O certo é que nos últimos anos, a pesar de incrementarse o número de pezas cazadas, é continuada a proliferación de xabaríns e coellos cunha superpoboación difícil de manter.

CAL É O RÉXIME DE RESPONSABILIDADES POR ESTES DANOS?

A responsabilidade por danos ocasionados a cultivos por especies cinexéticas é de tipo extracontractual e atópase regulada no artigo 1906 do Código Civil, que lle atribúe a responsabilidade ao propietario da herdade de caza, cando

este non efectuase o necesario para impedir a multiplicación das pezas ou cando dificultase a acción dos donos das fincas lindeiras para perseguilas. Este precepto só recolle como responsable o propietario dos terreos, pero non o titular do aproveitamento.

O artigo toma como base unha responsabilidade subxectiva, por negligencia, que se manifesta nunha inacción por parte do titular no control das especies.

Este precepto, aínda que non formalmente derogado, é, non obstante, a día de hoxe, de escasa aplicación dende a entrada en vigor da Lei de caza do ano 1970, que supón un avance a un criterio de responsabilidade obxectiva.

A Sentencia da Sala 1.^a do TS de data 30 de outubro de 2000 sinalaba que “a Lei de caza de 4 de abril de 1970 e o seu regulamento do 25 de marzo de 1971 regulan unha responsabilidade marcadamente obxectiva que autoriza os propietarios ▶▶



CALIZA AGRÍCOLA
NUEVO SISTEMA DE EXTENDIDO
CALIZA MAGNESIANA

CALIZA AGRÍCOLA
CALIZA MAGNESIANA

El maíz y las praderas necesitan un pH próximos a la neutralidad. Tanto la caliza agrícola como la magnesiana que ofrece Calfensa ayudan a corregir la acidez de nuestros suelos, evitando la toxicidad del aluminio y favoreciendo la asimilación del fósforo. Así mismo, mejoran su estructura, aumentando la aireación y el drenaje. La caliza de Calfensa provee de calcita que, una vez molida, es de efecto más rápido que la proveniente de dolomita. Gracias a la finura de molenda con la que trabaja Calfensa, sus productos son altamente solubles. Rápida acción difícilmente superable por otras calizas menos molidas o granuladas. A diferencia de la cal viva, la caliza de Calfensa no es agresiva, no produce quemaduras, lo que facilita su manipulación, siendo, del mismo modo, respetuosa con los microorganismos beneficiosos del suelo. Dado que se trata de un producto extraído directamente de la tierra, no produce efectos negativos para el medio, siendo reconocido por el Consejo Regulador de Agricultura Ecológica. AENOR certifica los sistemas de Gestión de Calidad, Medio Ambiente y Seguridad y Salud en el Trabajo de Calfensa.

a calfensa
a caliza da túa terra®


APLICADO SOBRE EL TERREO


A GRANEL


SACO DE 25 KG


BIG BAG DE 1.000 KG



CARBONATO CÁLCICO de calfensa PARA CAMAS

La acción secante del carbonato en contacto con ubres y pezuñas, aleja al animal de infecciones indeseables, que pueden derivar en pérdida de producción y en los recurrentes problemas en las patas.

La prevención es la mejor fórmula para el ahorro, y el carbonato cálcico calfensa para camas es tu herramienta.

Controlar el exceso de humedad, durante períodos prolongados de tiempo, en las partes delicadas del animal, es posible gracias al carbonato cálcico de calfensa en su utilización en camas.



A granel o en big-bag (1000 Kg)

Nuevo producto granulado

Corrección de pH y aporte de Magnesio

Ctra. Lugo - Sarria LU-546 km 2 · 27161 Santa Comba (LUGO) · info@calfensa.com · www.calfensa.com

982 305 902






das parcelas afectadas para esixir o resarcimento dos danos ocasionados, mesmo aínda que non se determinou en forma concreta a procedencia dos animais (cervos e xabaríns neste caso) que, na procura de alimentos, se desprazan das súas propias reservas”.

A Lei 1/1970, do 4 de abril, no seu artigo 33.1 atribúelles a responsabilidade polos danos en primeiro lugar aos titulares dos aproveitamentos cinexéticos e, subsidiariamente, aos propietarios dos terreos, sen ter en conta que a actitude daqueles fose dilixente ou non.

Debemos ter en conta que ao titular do couto ou do aproveitamento cinexético se lle esixe a dilixencia de adoptar as medidas necesarias para previr o perigo e que se lle faculta mesmo para obter autorizacións para a caza dos animais cando haxa unha sobrepoboación ou exceso destes.

No entanto, non se lle esixe ningunha outra medida, posto que os peches supoñen obrigalo a impedir o acceso das pezas ao propio coto de caza.

No caso de que se xeren danos polas especies cinexéticas que procedan de refuxios, reservas nacionais e parques nacionais han de responder os titulares dos aproveitamentos e de forma subsidiaria o Servizo de Pesca, Caza e Parques Nacionais.

Esta normativa específica de caza remite ás prescricións da lexislación civil ordinaria e, en todo caso, cabe a acción de repetición cando existan terreos acoutados por unha asociación.

Así as cousas, reiteramos que a responsabilidade por danos ocasionados a cultivos ou gandos, por causa de especies cinexéticas, é de tipo obxectivo e non por culpa.

Para que o dano sexa indemnizable, este ha de ser real, efectivo, avaliabile

economicamente e individualizado, incidindo en bens ou dereitos, imputable a unha persoa ou entidade concreta e o dano debe derivarse da actividade cinexética. O prexudicado é quen ha de probar fidedignamente a concorrencia de todos os requisitos para que prospere a acción fronte a quen se reclama.

No caso de que a túa actividade agrícola ou gandeira se vexa afectada pola inclusión dunha especie cinexética, en primeiro lugar, hai que comunicarlle o feito ao titular do aproveitamento para que adopte as medidas necesarias para deter a acción animal, incluíndo organizar batidas para sacar as pezas do cultivo. Para iso tense que acreditar documentalmente a existencia dos danos, número de polígono, parcela e recinto no que se sitúa a finca. Unha vez comunicado, hanse de avaliar economicamente os danos ocasionados pola perda de colleita e os custos reais de produción.

Ademais, tamén son indemnizables aqueles gastos que o prexudicado tivese que asumir para minorar o dano ocasionado pola especie cinexética, como poden ser os derivados da instalación de aramados, pastores, peches etc.

Temos que ter en conta que estas indemnizacións estarán normalmente cubertas por póliza de seguros contratada polo titular da explotación, polo que, tras sufrir o dano, é moi importante facer unha correcta valoración dos produtos aseguradores que podemos poñer en xogo e así obter resarcimento íntegro para o agricultor ou gandeiro.

Débense estudar as condicións da cobertura contratada e, sobre todo, as exclusións pactadas, por exemplo os danos compensados por sistemas oficiais, con axudas específicas, ou os danos causados precisamente a parcelas

▶ AÍNDA QUE AS SUPERFICIES AFECTADAS POR DANOS VAN CRECENDO CADA ANO, TAMÉN MEDRA A CULTURA DO ASEGURAMENTO E, EN CONSECUENCIA, SON MAIORES AS INDEMNIZACIÓNS PAGADAS POLAS COMPAÑÍAS ASEGURADORAS

cultivadas coa finalidade de alimentar especies cinexéticas.

Tras iso, farase a comunicación do sinistro e colaborarase coa compañía nos labores de peritación das causas e dos danos causados, proporcionando toda a información que os peritos requiran, todo iso en cumprimento do deber de colaboración que lle corresponde ao asegurado.

Posteriormente, a compañía realizará proposta de indemnización ou por contra notificará o rexeitamento do sinistro, resolucións ambas que recomendamos que sexan valoradas por un letrado especializado en dereito de seguros, de modo que non se perda a indemnización que poida corresponder ao agricultor ou ao gandeiro.

CONCLUSIÓN

Temos que dicir que, aínda que as superficies afectadas por danos van crescendo cada ano, tamén medra a cultura do aseguramento e, en consecuencia, son maiores as indemnizacións pagadas polas compañías aseguradoras. Iso si, cómpre sinalar que, pola contra, en moitas ocasións con esas indemnizacións non se cobren totalmente os prexuízos que padecen os agricultores ou ben se dá unha solución tardía aos sinistros, o que dificulta enormemente a supervivencia do sector e a continuidade das explotacións. ■



En moitas ocasións con esas indemnizacións non se cobren totalmente os prexuízos que padecen os agricultores, o que dificulta a supervivencia do sector